



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de xuño de 2021 (1042/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira (online)
D^a Yolanda Aguiar Castro (online)
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e vinte minutos do día trinta de xuño de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do segundo tenente de alcalde, Sr. Pardo Espiñeira (Resolución do 29/06/2021), coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(553).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(553).- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN PARA A REALIZACIÓN DO “OBRADOIRO DE EMPREGO DE GARANTÍA XUVENIL FORMAWEB IV”. EXPTE. 18303/77.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 30/06/2021, dáse conta do informe-proposta do 29/06/21, asinado pola técnica de xestión (Instrución do concelleiro de Cultura e Emprego de 28/06/2021) e o concelleiro-delegado de Emprego, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local **sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2020**, a proposta do concelleiro delegado de Cultura e Emprego, acordou:

Aprobar o proxecto denominado “Obradoiro de Emprego FORMAWEB IV”, elaborado polo Servizo de Desenvolvemento Local do Concello de Vigo.

Solicitar á Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil, (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353B), publicado no DOG. núm. 21, do 2 de febreiro 2021.

Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle poidan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos orzamentos municipais dos anos 2021 e 2022, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.

Delegar no Concelleiro de Cultura E Emprego a representación do Concello na tramitación e xestión do Obradoiro de Emprego “FORMAWEB IV”.

II. Con data do 29 de xuño de 2021, recíbese a notificación da concesión da subvención para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil denominado “FORMACIÓN IV” por resolución do Xefe Territorial de Pontevedra - Sede Vigo da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil, (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353B), co número de expediente 36/00004/2021 na que unha vez avaliada a solicitude presentada resolve conceder unha subvención polo importe de € para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se suscriban co alumnado.



Concello de Vigo

A resolución supón a aceptación das especialidades formativas solicitadas, **Desenvolvemento de aplicacións con tecnoloxía web (IFCD0210_3) e Sistemas de xestión de información (IFCD211_3)**, e contará con 16 alumnos/as-traballadores/as, e un equipo directivo composta de 1 director/a, 1 titor/a, 1 administrativo/a e 1 experto/a/ docente.

Da cantidade global de concesión da subvención (**369.492,32 €**), 133.939,20 € corresponden á subvención para gastos de formación e funcionamento e 235.553,12 € para gastos salariais do alumnado-traballador participante no obradoiro.

O órgano competente para adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local, de conformidade coas competencias atribuídas polo artigo 127 da LRBRL, previa remisión do expediente á Intervención Xeral Municipal.

Polo anteriormente exposto e, previa remisión do expediente á Intervención Xeral Municipal e coa conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Cultura e Emprego, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data **17/08/2020**, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

*1.- Aceptar a subvención concedida para a realización do proxecto de Obradoiro de Emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil denominado "FORMAWEB IV", mediante resolución do Xefe Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, notificada en data 29 de xuño de 2021, ao abeiro da Orde do 31 de decembro de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dirixidos a persoas mozas incluídas no ficheiro o Sistema nacional de garantía xuvenil, (formación e aprendizaxe) no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código do procedemento TR353B), co número de expediente 36/00004/2021, polo importe de **369.492,32 €** para o financiamento dos custos de formación profesional para o emprego e os gastos salariais derivados dos contratos de traballo que se subscriban co alumnado.*

2.- Encomendar ao Servizo de Desenvolvemento Local, a xestión do proxecto de obradoiro de emprego "FORMAWEB IV", conforme aos criterios establecidos na referida Orde de 31 de decembro de 2020.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(554).-COMPENSACIÓN Á ENTIDADE CONCESIONARIA DO SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS POLO IMPACTO OCASIONADO POLA REDUCIÓN DE INGRESOS POR MOR DO COVID-19. EXP-TE. 3292/449.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 30/06/21, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño, texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (LCAP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado.
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado.
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo.
- Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ó impacto económico e social do COVID-19.
- Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.
- Real Decreto 956/2020, de 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.
- Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a favor das entidades locais que prestan o servizo de transporte público.



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a concesión administrativa do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo, aprobada polo Pleno do Concello de Vigo na sesión de 26 de maio de 1994.

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 16 de setembro de 1994 o Pleno do Concello de Vigo adjudicou a Viguesa de Transportes, S.A. (en adiante VITRASA), a concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros por un prazo de 25 anos, prorrogables por períodos de cinco anos e ate un límite de 35 anos.

Segundo.- En data 24 de marzo de 2020, a Xunta de Goberno Local (en adiante, XGL) adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Apreciar a imposibilidade de prestar o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo consonte ó previsto no prego que rexe este contrato, aprobado por Acordo Plenario de data 26 de maio de 1994, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019.

2º.- Reducir, durante a vixencia do estado de alarma, o servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo nunha porcentaxe do 50%, mantendo as liñas e frecuencias fixadas no escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello por Viguesa de Transportes S.L. (VITRASA) en data 23 de marzo de 2020 e que obra no expediente dixital 3047-449.

3º.- Autorizar a adopción, con carácter temporal e mestras dure o estado de alarma, das seguintes medidas excepcionais enfocadas a impedir a transmisión do virus e a protexer a saúde dos traballadores e usuarios do servizo público de acordo coa Orde TMA/254/2020 do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana consistentes en:

- 1. Obrigación de acceso/saída dos clientes exclusivamente polas portas central e/o traseira (articulados) facendo uso da segunda validadora situada próxima a esta porta, bloqueando para o seu uso a dianteira.*
- 2. Limitar o aforo de cada un dos autobuses a un máximo de 30% da súa capacidade.*
- 3. Obrigación para os clientes do servizo de manter a distancia mínima de seguridade un metro co condutor e co resto dos pasaxeiros, limitando o uso das butacas de forma que sempre exista unha libre de separación.*
- 4. Prohibición de ocupación das primeiras liñas de asentos.*

4º.- Autorizar á Concellería Delegada de Transportes a acordar a supresión do cobro en metálico, con carácter temporal e mestras dure o estado de alarma, sempre que o contratista acredite a posta en funcionamento dun procedemento para a expedición e entrega inmediata, nun prazo de 24 horas como máximo, das tarxetas que permitan o pago do billete a todas as persoas usuarias que non dispoñan da tarxeta passVigo.

5º.- Comunicar á Xunta de Galicia a porcentaxe de redución do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo prevista no apartado 2 deste acordo”.

Terceiro.- En data 13 de maio de 2020, a XGL acordou:

“Modificación da porcentaxe de prestación do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo prevista no acordo deste órgano de 24 de marzo de 2020 de imposibilidade de prestación do mesmo nos termos previstos no prego, con efectos dende as 00:00 horas do 11 de maio de 2020, incrementándoo ata os seguintes porcentaxes:

- *Días laborables: até un 73%*
- *Sábados: até un 75%*
- *Domingos e festivos: até un 81%”*

Cuarto.- En data 24 de maio de 2020 VITRASA solicita 2.389.972,52 euros (1.013.908,49 € correspondente as perdas soportadas durante o mes de marzo de 2020 e a cantidade de 1.376.04,03 € correspondente as perdas soportadas durante o mes de abril de 2020).

Quinto.- En data 5 de xuño de 2020, a XGL aprobou unha prórroga deste contrato por un período de 5 anos dende o 8 de xuño de 2020 ata o 7 de xuño de 2025.

Sexto.- En data 5 de xuño de 2020, a XGL acordou:

“1º.- Modificar a porcentaxe de prestación do servizo do transporte urbano colectivo de viaxeiros da cidade de Vigo prevista no acordo deste órgano de 13 de maio de 2020 de imposibilidade de prestación do mesmo nos termos previstos no prego, con efectos dende as 00:00 horas do 1 de xuño de 2020, incrementándoo ata os seguintes porcentaxes:

- *Días laborables: até un 84%*
- *Sábados: até un 88%*
- *Domingos e festivos: até un 88%*

(...) ”.

Sétimo.- En data 11 de xuño de 2020 a XGL acordou:

“Comunicar ó contratista o fin da suspensión parcial da execución do contrato concesión de servizo público do servizo de transporte urbano urbano colectivo de viaxeiros, adjudicada por acordo do Pleno do Concello de Vigo na sesión de data 16 de setembro de 1994 á Viguesa de Transportes, S.A., procedendo á reanudación total do servizo o luns 15 de xuño de 2020.”



Concello de Vigo

Oitavo.- En data 27 de agosto de 2020 VITRASA solicita que se restableza o equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 1.585.058,11 €, correspondente ao desequilibrio xerado no mes de maio de 2020.

Noveno.- En data 28 de agosto de 2020 VITRASA solicita que se restableza o equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 1.038.112,36 € correspondente ao desequilibrio xerado no mes de xuño de 2020.

Décimo.- En data 8 de setembro de 2020 solicita que se restableza o equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 887.144,94 € correspondente ao desequilibrio xerado no mes de xullo de 2020.

Undécimo.- En data 26 de setembro de 2020 solicita que se restableza o equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 727.928,25 € correspondente ao desequilibrio xerado no mes de agosto de 2020.

Duodécimo.- En data 15 de outubro de 2020 solicita que se restableza o equilibrio económico-financieiro do contrato de concesión e se lle abone a cantidade de 826.425,48 € correspondente ao desequilibrio xerado no mes de setembro de 2020.

Décimo terceiro.- En data 18 de decembro de 2020 a XGL acordou:

1º.- Desestimar as alegacións formuladas por D. Luís Alberto González Ferreiro, en nome de Viguesa de Transportes S.L., en escrito de data 9 de decembro de 2020.

2º.- Reequilibrar a concesión de servizo público do transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da imposibilidade parcial da súa execución entre o 16 de marzo e o 14 de xuño de 2020, a consecuencia das medidas aprobadas polas autoridades durante a situación xerada pola pandemia do coronavirus COVID-2019, e declarada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de marzo de 2020, e modificada en datas datas 13 de maio, 24 de maio e 5 de xuño para incrementar as porcentaxes de prestación do servizo.

3º.-A concesión reequilibrarase modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario, Viguesa de Transportes, S.L. (VITRASA), por un importe de 2.194.963,56 euros que aboarse en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 44122269900 (Reequilibrio Tuc) e a súa bolsa de vinculación”.

Décimo cuarto.- O día 5 de abril o Ministerio de Hacienda abriu o prazo para subministrar a información sobre os servizos de transporte colectivo prestados polas entidades locais a efectos da posible concesión dunha subvención para compensar a perda de ingresos das empresas contratistas ou concesionarias que prestan o servizo durante o ano 2020. O formulario electrónico para o subministro de dicha información publicouse na “Oficina Virtual para la Coordinación Financiera de las Entidades Locales”, a través da aplicación SU-

BTRAN (en cumprimento da Resolución de 9 de marzo de 2021, da Secretaría de Estado de Hacienda, BOE de 12 de marzo). O prazo de subministro de información rematou o pasado día 19 de abril. Revisada a documentación aportada polos Concellos, aprobouse o Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvenciones a favor das entidades locais que prestan o servizo de transporte público.

Décimo quinto.- Con data 16 de xuño de 2021 VITRASA presenta unha nova solicitude de indemnización económica polos efectos producidos pola pandemia do Covid-19 que abarca a totalidade do período do 15 de xuño a 31 decembro 2020, por un importe de 9.965.131,12 € para el año 2020, deducido o pago xa efectuado de 2.194.963,56 €. Así mesmo solicita que se lle abone de forma inmediata a subvención outorgada polo RD 407/2021 (5.697.084,20 €), así como os intereses que correspondan en relación con todas as cantidades reclamadas.

Décimo sexto.- En data 23 de xuño por Resolución da Secretaria General de Financiación Autonómica y Local e se aproba a concesión directa de subvención a favor das entidades locais que prestan o servizo de transporte público.

Décimo sétimo.- O servizo xestor emite informes con relación ao reequilibrio económico desta concesión en datas 10 de febreiro, 30 de marzo e 23 de xuño. Dispón este último:

“A vista de todos os antecedentes contidos neste expediente, así como os contidos no expediente (3078/449 REEQUILIBRIO DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS), e tendo en conta o contido do Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a favor das entidades locais que prestan o servizo de transporte público, considerase:

Obxecto do RD 407/2021;

“...regular la concesión de subvenciones directas a las entidades locales que se relacionan en su anexo en concepto de ayuda extraordinaria a la prestación del servicio de transporte público de titularidad de las entidades locales, y que han experimentado una reducción de ingresos como consecuencia de la crisis de la COVID-19, durante el año 2020.”

Estimación da incidencia da pandemia:

“...habiéndose estimado que el impacto de la pandemia es del 40 por ciento de los ingresos por tarifa o precio público obtenidos por aquellas entidades en el ejercicio 2019, que fue el inmediato anterior al de aquella situación de emergencia extraordinaria”

Contía da subvención:

La subvención que corresponde a cada una de las entidades locales que prestan servicios de transporte público se establece en proporción a los ingresos obtenidos por aplicación de las tarifas o precios públicos en el año 2019 que se considera



Concello de Vigo

período de referencia a estos efectos, aplicándose los criterios específicos que se recogen en los siguientes apartados. En aquellos ingresos no se incluyen el impuesto sobre el valor añadido ni otros impuestos indirectos ni el importe de las subvenciones.

Con carácter general, se tiene en cuenta el importe de los ingresos del prestador del servicio que correspondan, exclusivamente, a la aplicación de tarifas o precios públicos de los servicios de transporte correspondientes al servicio de transporte público de titularidad de las entidades locales y al ejercicio 2019, y que han sido certificados por los titulares de los órganos de intervención de las entidades antes citadas, con arreglo a los apartados segundo y tercero de la Resolución de 9 de marzo de 2021 antes referida, y comprobados con las cuentas anuales debidamente auditadas y suministradas en cumplimiento de esta última..... SIENDO LA SUBVENCIÓN EQUIVALENTE AL 40 POR CIENTO DE DICHOS INGRESOS

A indemnización do Real Decreto 407/2021 está en referencia ao 40 % dos ingresos do ano 2019 os cales se corresponden cos seguintes datos certificados no seu momento pola Intervención Xeral do Concello de Vigo na remisión da documentación solicitada a través da Resolución de 9 de marzo de 2021:

As instrucións publicadas polo “Ministerio de Facenda”, especificaron:

- Se debe aportar unha certificación do interventor da entidade local titular do servicio cos ingresos por tarifa o por precio público obtenidos en 2019, indicando los distintos tipos de títulos de transporte (billetes, abonos, tarjetas de transporte, participación en sistemas tarifarios integrados, etc.), el número de los emitidos y los ingresos correspondientes a cada uno -ESTE DATO CORRESPÓNDESE COA TOTALIDADE DO INGRESOS DA TARIFA ÚNICA.

Ingresos obtidos por aplicación das tarifas ano 2019: 25.304.394,09 €

- Así mesmo se deben incluír todos los ingresos satisfeitos efectivamente polos usuarios a través dos prezos ou tarifas, sin contar os importes bonificados dos títulos que puideran ter algún beneficio desa natureza. (SOAMENTE A PARTE DA TARIFA QUE ABONOU O USUARIO).

Desglose dos ingresos derivados do pago da tarifa única:

Os ingresos de tarifa no Concello de Vigo, atópanse regulados no prego do contrato en base a unha tarifa única, e na actualidade esta tarifa única, se aplica en función dunha catalogación do perfil do usuario e nos perfís subvencionados, esta tarifa se divide en dous tramos, un tramo o abona directamente o usuario e outro o subvenciona o Concello, e nestes casos a suma destes conceptos e igual ao importe da tarifa única de aplicación ao contrato.

Abono directo dos usuarios (pago da tarifa ano 2019):

14.242.710,49 € (56,29 %)

Subvención (parte do importe da tarifa) ao usuario realizada polo Concello de Vigo ano 2019:

11.061.683,60 € (43,73%)

Calculo da subvención concedida ao Concello de Vigo no marco do RD 407/2021:

De acordo co obxecto do RD 407/2021:

“Estas subvenciones tienen carácter singular a los efectos del artículo 28 de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, en tanto responden a una situación excepcional, se consideran imprescindibles dentro de la ordenación básica del sector económico afectado, y garantizan las mismas posibilidades en todo el territorio nacional de obtención y disfrute de aquéllas por parte de las entidades locales que han remitido la información que se precisa para su determinación.”

En base a estas condición e dentro do marco da estimación realizada “el impacto de la pandemia es del 40 por ciento de los ingresos por tarifa o precio público obtenidos por aquellas entidades en el ejercicio 2019”, o importe da subvención a favor do Concello de Vigo realizase (40%) sobre o importe da tarifa que abonaron directamente os usuarios, e con toda coherencia, no cálculo do importe da subvención que realiza o Estado ás EELL, non procede subvencionar a parte que xa subvenciona o Concello, entendendo que esta parte non provoca ningún déficit nas contas do Concello, senón todo o contrario.

Pero de todos modos queda determinado que O IMPACTO DA PANDEMIA dende un punto de vista económico, foi estimado no 40 POR CENTO DOS INGRESOS POR TARIFA OBTIDOS EN 2019, que para o Concesionario de Vigo foron de 25.304.394,09 €.

Así pois a realización do calculo da incidencia económica e moi simple:

- 40% dos ingresos de tarifa do ano 2019: 10.121.757,64 €.

Deste importe, o estado a través do RD 407/2021, procedeu a habilitar unha subvención directa do 40% da parte que afecta directamente o tramo da tarifa realmente abonada polos usuarios, a cal se corresponde con importe de 14.242.710,49 € (56,29 %), correspondendo ao 40% o importe da subvención 5.697.084,20 €

En todo caso débese atender á determinación que se define no RD 407/2021 para o impacto da pandemia, e non confundir este coa determinación do alcance da subvención outorgada polo Estado, xa que de non ser así - ¿cal sería a situación do xestor do transporte Urbano nunha EELL que financiara o 100% da tarifa? - a incidencia económica da pandemia de acordo co RD, tería a referencia de calculo do 40 % do importe percibidos por tarifa, pero a EELL non tería dereito a subvención, ¿quere isto dicir que o concesionario non tería compensación algunha?, NON, o concesionario tería dereito ao 40% dos ingresos do ano 2019 que tería que soportar o orzamento municipal. En calquera caso, ao concesionario lle é indiferente quen paga o billete, o que ten que ter asegurado, é que algún axente ten que pagar. Neste caso, é un modelo mixto, unha parte a paga o usuario e outra o Concello, polo tanto, a interpretación única que cabe do RD 407/2021, é que o Concello ten que sufragar ese 40%, igual que o fixo a AGE, pero neste caso, para a parte que financia o Concello.

En relación ao obxecto deste informe e importante consolidar este criterio

Así pois a realización do calculo da incidencia económica e moi simple:

- 40% dos ingresos de tarifa do ano 2019: 10.121.757,64 €.

Deste importe o estado a través do RD 407/2021, procedeu a habilitar unha subvención directa polo importe de 5.697.084,20 €



Concello de Vigo

En relación a cal debe ser a cantidade a abonar ao Concesionario, debemos atender o indicado no artigo 6 do RD 407/2021, que indica:

“Los importes que perciban las entidades locales que hayan prestado el servicio de transporte público en 2020 en régimen de gestión indirecta deberán emplearse necesariamente para compensar al contratista o a la entidad concesionaria del servicio por el impacto ocasionado por la reducción de ingresos, salvo que esta hubiese sido compensada previamente por esta reducción de ingresos por parte de las entidades locales titulares del servicio de transporte público o salvo que concurra alguna causa por la que no resulte procedente aquella transferencia.”

Así mesmo debemos atender ao segundo paragrafo do punto 3 do citado artigo 6 que indica:

“El importe de la subvención en ningún caso podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos, supere el coste de la actividad subvencionada.”

A vista destas condicións debense analizar dous aspectos:

a.- O acordo de indemnización realizada polo Concello de Vigo no marco do expediente (3078/449 REEQUILIBRIO DA CONCESIÓN DE SERVIZO PÚBLICO DE TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DE VIAXEIROS). Neste caso o calculo realizado no informe do Interventor Xeral con data 04/12/2021, establececese un proceso específico e do mesmo pódese destacar que “

“En opinión desta intervención, e conforme ao disposto no artigo 34.4 do Real Decreto-lei 8/2020, a perda de ingresos para cada un dos días afectados pola imposibilidade parcial na prestación do servizo deberase calcular como o resultado de multiplicar a tarifa vixente no ano 2020 (sen IVE), pola perda ou minoración diaria de viaxeiros producida como consecuencia da redución do servizo apreciada polo órgano de contratación.

A minoración diaria de viaxeiros determínase como resultado de aplicar as porcentaxes de redución do servizo de cada período sobre os viaxeiros estimados para cada día, podendo tomar como valor de referencia a estes efectos a media de viaxeiros no mes correspondente do ano 2019 para cada tipo de día (laborable, sábado ou festivo).”

Do cal despréndese que o calculo para determinar o importe tivo en conta a totalidade da tarifa vixente (resulta acertado, non se fai discriminación en relación ao % que paga directamente o usuario e o % que subvenciona o Concello). E así mesmo os cálculos para estimar a perda de viaxeiros se fai sobre os datos dos mesmos días aplicados o ano 2019.

En base os cálculos realizados, o importe da indemnización de 2.194.963,56 € atópanse relacionados co perda de ingresos sobre a totalidade da tarifa, e calquera calculo para a aplicación deste importe deberá ser realizado tendo en conta dita consideración.

b.- Situación real das contas anuais do exercicio finalizado a 31 de decembro de 2020. VITRASA, SL, presentou o informe da auditoría de xestión das contas anuais do exercicio 2020 correspondentes a mercantil VITRASA SL. (Se achega copia no presente expediente).

En relación ao obxecto deste expediente debe indicar que o resultado económico de explotación da concesión do servizo de transporte urbano colectivo de Vigo indica (-7.880.678,00 €). Debese destacar que en ditas contas figuran contabilizado como ingreso o importe da indemnización aboada polo Concello de Vigo polo importe de 2.194.963,56 €. Polo exposto, e a vista do indicado no artigo 6 do RD 407/2021 “o importe da subvención en ningún caso poderá superar o custe da actividade subvencionada”, o limite da subvención a percibir terá dita referencia como importe máximo.

E como última consideración, e importante destacar as advertencias reiteradas polo Concesionario e postas de manifesto en outros informes sobre a gravidade da incidencia da Pandemia no ámbito económico da concesión. Todos os datos manifestados polo Concesionario e a realidade na minoración dos viaxes de pago durante o ano 2020 acadaron cotas moi altas (cunha perda de 8,8 millóns de viaxes -43,08%), que continúan no ano 2021 (no período xaneiro/maio a perda de viaxeiros sobre os datos do 2019 son moi preocupantes, indican unha perda de 3.517.645 viaxes -41,06%)

Esta situación adquire a día de hoxe unha maior relevancia e demanda unha resolución a curto prazo que poida minorar calquera dos riscos que identifica de maneira fundamentada a concesionaria en relación as dificultades sobre a viabilidade económica actual e a capacidade financeira para facer fronte aos pagos da actividade ordinaria.

PROPOSTA:

A vista de todo o exposto, considerase que de acordo o contido do RD 407/2021, procede propoñer como indemnización a favor de VITRASA SL, polo impacto da PANDEMIA COVID 19, durante o ano 2020 o importe determinado polos seguintes cálculos:

40% dos ingresos de tarifa do ano 2019:

10.121.757,64 €

Minoración da indemnización aprobada no expediente 3078/449:

2.194.963,56 €

7.926.794,08 €

IMPORTE MAXIMO DA PROPOSTA DE INDEMNIZACIÓN (*):

7.882.678,00 €

() determinado en base ao resultado de explotación do exercicio 2020.*

Debese ter en conta que parte desta indemnización será financiada coa subvención outorgada ao Concello de Vigo a través do RD 407/2021 polo importe de 5.697.084,20 €, e o diferencial de 2.183.593,80 €, poderá financiarse a través dunha modificación de crédito por transferencia para dotar o crédito adecuado e suficiente dentro do programa 4412 e do artigo 22, con cargo os créditos da partida 4411.470.00.01 do vixente orzamento.

En base os cálculos xustificadas, así como a realidade sobre as dificultades que esta situación esta a provocar sobre a capacidade da concesionaria para facer fronte os



Concello de Vigo

pago da actividade ordinaria o cal podería incidir negativamente na capacidade de xestión do servizo, procede propoñer:

- *Aprobar unha compensación económica polo importe de 7.882.678,00 € a favor de Vitrasa SL, de acordo os criterios establecidos polo RD 407/2021 para o calculo da incidencia económica da Pandemia COVID 19 durante o exercicio 2020.*

De considerarse a necesidade de acreditar algunha documentación complementaria para a xustificación dalgún dos aspectos económicos cos cales se determina a proposta de compensación económica, e necesario reiterar a consideración realizada polo concesionario en relación as grandes dificultades económicas que se derivan desta situación e a día de hoxe adquiren un alto grado de incertezas sobre a capacidade financeira da concesionaria para facer fronte os pagos da actividade diaria, polo cal a vista de todos os antecedentes, dende este servizo, considerase necesario poder achegar en todo caso un pago provisional e urxente para minimizar calquera imposibilidade financeira a corto prazo. Polo exposto, e tendo en conta o importe da subvención outorgada ao Concello de Vigo a través do RD 407/2021 que ten en si mesmo unha aplicación directa e única “para compensar ao concesionario do servizo polo impacto ocasionado pola redución dos ingresos”, deberase ter en conta a necesidade urxente de aprobar o abono a favor do concesionario, Viguesa de Transportes, S.L., da cantidade recibida polo Concello -5.697.084,20 €-, minorada pola indemnización xa aboada de -2.194.963,56 €-, coa consideración de compensación pendente da aprobación definitiva do importe que resulte sobre a valoración que se determina no presente informe”.

Décimo oitavo.- En data 23 de xuño a xefa do servizo de Transportes propón que se aboen “a empresa Viguesa de Transportes S. L. concesionaria do servizo de transporte urbano de viaxeiros da cidade de Vigo, a cantidade de 3.502.120,64 €, correspondente á subvención concedida pola AGE en concepto de axuda extraordinaria a prestación do servizo de transporte publico de titularidade das entidades locais, pola redución de ingresos como consecuencia da crise da COVID19 durante o ano 2020 por unha contía de 5.697.084,20 €, deducida a contía pagada por 2.194.963,56€ correspondente ao acordo adoptado pola XGL o 18 de decembro de 2020”. Aclarando que “O citado pago realizarase, sen perxuício da resolución do expediente correspondente ao equilibrio indemnizatorio solicitado pola concesionaria do servizo”.

Décimo noveno.- Consta no expediente un documento económico de retención de crédito (RC), con nº de operación 202100058990, por importe de 3.502.120,64 euros.

Vixésimo.- En data 30 de xuño o servizo xestor emite un informe complementario aclarando o impacto económico na concesión da redución de ingresos, así como xustificando a urxencia da tramitación de urxencia:

“A vista da dilixencia recibida con data 30 de xuño de 2021 asinada pola xefa do servizo de contratación en relación a “proposta de aboamento da compensación polas perdas de ingresos pola prestación do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da perda de ingresos derivados da pandemia do COVID-2019, consonte ao previsto no Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño”, procede informar:

a) O impacto económico ocasionado pola redución do ingresos do ano 2020 sobre o ano 2019, responde os seguintes datos:

Os ingresos vinculados coa tarifa (ingresos directos da concesionaria do cobro da tarifa única de aplicación a concesión (1,2273 € S/IVE)

De acordo cos datos que constan na documentación de seguimento do contrato os cálculos dos ingresos de tarifa son os seguintes:

- Ano 2019: 25.304.394,08 €
- Ano 2020: 14.403.398,89 €

b) Sobre a xustificación da tramitación de urxencia que se solicita, débese indicar que o informe de data 23/06/2021 sobre “proposta de aboamento da compensación polas perdas de ingresos pola prestación do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da perda de ingresos derivados da pandemia do COVID-2019, consonte ao previsto no Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño”, ven a indicar “a necesario reiterar a consideración realizada polo concesionario en relación as grandes dificultades económicas que se derivan desta situación e a día de hoxe adquiren un alto grado de incertezas sobre a capacidade financeira da concesionaria para facer fronte os pagos da actividade diaria, polo cal a vista de todos os antecedentes, deste servizo, considerase necesario poder chegar en todo caso un pago provisional e urxente para minimizar calquera imposibilidade financeira a corto prazo.” Esta indicación sobre a existencia de risco para facer fronte os pagos da actividade diaria da concesión como consecuencia da incidencia da Pandemia COVID19 no sector do transporte urbano, ven a determinar a xuízo deste servizo, a urxencia na tramitación da proposta de compensación económica das perdas de ingresos, e sobre todo a vista do contido do RD 407/2021, o cal na súa fundamentación xustifica claramente “dado su carácter singular, por concurrir razones de interés público, social y económico, al garantizar la prestación de un servicio público esencial”, co cal considerase suficientemente acreditada a condición de urxencia indicada no artigo 33 da Lei 39/2015.

C) En relación as aclaracións que se indican no día de hoxe, sobre a dilixencia de 28 de maio con relación os requirimentos formulados pola xefa de servizo de contratación en dilixencia de 13 de maio de 2021, procederase a dar traslado das mesmas a Concesionaria para requirir a información solicitada e informar no menor tempo posible”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Natureza do contrato e lexislación aplicable

A concesión de transporte urbano colectivo de viaxeiros, adxudicada por acordo do Pleno do Concello de Vigo na sesión de data 16 de setembro de 1994 á Viguesa de Transportes, S.A., pode cualificarse como contrato de xestión de servizo público, sendo o seu obxecto “a



Concello de Vigo

prestación do servizo público regular de transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral dentro dos límites xurisdicionais do Concello de Vigo” (artigo 1 do PCAP).

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a este contrato. Os contratos se rexen, en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares, e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Decreto 923/1965, do 8 de abril, polo que se aproba o texto articulado da Lei de contratos do Estado (LCE).
- Decreto 3410/1975, do 25 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Contratación do Estado.
- Decreto do 9 de xaneiro de 1953 polo que se aproba o Regulamento de contratación das Corporacións Locais.
- Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais.

-II-

Das consecuencias da crise xerada polo COVID-19

A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o brote de SARS-CoV 2 (COVID-19) como pandemia o 11 de marzo do 2020. O estado español, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declarou o estado de alarma por Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Durante o estado de alarma foron promulgadas diversas normas para facer fronte á situación de crise sanitaria, económica e social xerada pola pandemia. As relativas ó transporte inciden fundamentalmente en dous aspectos: a limitación de pasaxeiros e a imposición de medidas de desinfección nos medios de transporte.

Entre elas, o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19. Esta norma recolle no seu artigo 34 medidas en materia de contratación pública. Este, no seu apartado 4, prevé a posibilidade de acordar o reequilibrio económico do contrato que no caso de que as medidas adoptadas polo Estado, as comunidades autónomas ou as Administracións locais para combater a situación creada polo COVID-19 afecten á execución dos contratos de concesión de obras ou servizos, se ben establece como premisa que o órgano de contratación, a instancia do contratista, aprecie a imposibilidade de execución do contrato (artigo 34.4). En aplicación deste precepto, declarouse a imposibilidade parcial de executar o presente contrato durante o estado de alarma e, unha vez finalizado reequilibrouse o contrato, modificando o seu réxime económico e concedéndolle ó concesionario unha achega económica de 2.194.963,56 euros para paliar os efectos do COVID ata o día 14 do mes de xuño de 2020, en que finalizou o estado de alarma.

No entanto, unha vez rematado este primeiro estado de alarma o certo é que continuaron as medidas restritivas de aforo de pasaxeiros e a imposición de medidas de desinfección e limpeza extraordinarias.

O Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro, declarou un novo estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-COV-2, que rematou o 9 de maio de 2021, tal e como dispuxo o .

Esta norma, no seu artigo 2, designa como autoridade competente ós efectos do estado de alarma ó Goberno da Nación, e como autoridades competentes delegadas nas comunidades autónomas e cidades con Estatuto de autonomía, ós presidentes das mesmas.

As autoridades competentes delegadas son habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, *“las órdenes, resoluciones y disposiciones para la aplicación de lo previsto en los artículos 5 a 11”*. Estes artigos regulan medidas relativas á limitación da liberdade de circulación das persoas, a permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados así como a posibilidade de esixir a *“realización de las prestaciones personales obligatorias que resulten imprescindibles en el ámbito de sus sistemas sanitarios y sociosanitarios para responder a la situación de emergencia sanitaria que motiva la aprobación de este real decreto”*.

En aplicación desta normativa, e para frear o avance da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 na comunidade autónoma, o Presidente da Xunta de Galicia, na súa condición de autoridade competente delegada, emitiu varios decretos adoptando medidas específicas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para facer fronte á crise sanitaria.

En consecuencia, o servizo de transporte urbano estivo suxeito a partir do 15 de marzo de 2020 a limitacións de aforo nos autobuses e a imposición de estritas medidas de desinfección nos mesmos. Como consecuencia, por un lado o concesionario veu reducidos os seus ingresos, por canto estes dependen das tarifas aboadas polos usuarios, e por outro, veu incrementados os seus gastos por mor das medidas extraordinarias de limpeza e desinfección impostas pola normativa aprobada para facer fronte ó COVID.

Como se puxo de releve nos antecedentes, durante o primeiro estado de alarma declarouse a imposibilidade parcial de executar o contrato e unha vez finalizado o mesmo, esta Administración acordou o reequilibrio económico deste contrato, conforme o previsto no artigo 34 do Real Decreto-lei 8/2020, polo período comprendido entre o 16 de marzo e o 14 de xuño de 2020, modificando o seu réxime económico establecendo unha compensación económica única ó concesionario (AXGL de 18.12.20). Agora o concesionario solicita o reequilibrio do período do 15 de xuño ao 31 de decembro de 2020.

-III-

Da ruptura do equilibrio económico da concesión

Tal e como xa se ten dito, o servizo de transporte urbano, tanto durante os dous períodos de estado de alarma decretados no ano 2020 como no tempo intermedio entre un e o outro, estivo suxeito a limitacións de aforo nos autobuses e a imposición de estritas medidas de desinfección nos mesmos.

Como consecuencia da aplicación desta normativa ó reducirse o número de viaxeiros o concesionario ve reducidos os seus ingresos, o recadar menos polo cobro das tarifas aos usuarios, e, pola contra, ve incrementados os seus gastos. Os gastos de funcionamento ordinario seguen a ser os mesmos por canto ten que realizar os mesmos viaxes, os quilómetros que realiza cada autobús non varían, e a súa estrutura polo tanto non se modifica, aínda que os autobuses leven menos pasaxeiros. Pero por mor das medidas extraordinarias de



Concello de Vigo

limpeza e desinfección impostas pola normativa aprobada para facer fronte ó COVID incrementáronse os gastos.

A esta circunstancia temos que engadir o dato de que a pesar da redución do aforo dos autobuses, as prazas dispoñibles non se cobren. Circunstancia que pode deberse a retracción da economía por mor da pandemia ou ben a desconfianza que xera nos usuarios o uso do transporte público mentres non se acade a inmunidade de grupo. É un feito indubidable que estas circunstancias crebaron a economía do contrato. En consecuencia, e mentres dure esta situación, será necesario prever un mecanismo de reequilibrio do contrato. Estase tramitando un expediente de reequilibrio do contrato, no entanto, e mentres non se resolve o mesmo, a empresa concesionaria, que se atopa nunha situación económica complexa por mor das perdas que rexistra casa mes dende que se iniciou a pandemia, solicita que se lle aboe a compensación por redución de ingresos no servizo de transporte público prevista no RD 407/2021 a fin de garantir a continuidade na prestación do servizo, sen prexuízo de que esa cantidade sexa considerada como un pago parcial a conta do acordo de reequilibrio do contrato.

A regra xeral na execución dos contratos é que estes execútanse a risco e ventura do contratista. Segundo a doutrina xurisprudencial o risco e ventura do contratista ofrecen na linguaxe xurídica e gramatical a configuración da expresión "risco", como continxencia ou proximidade dun dano, e "ventura", como palabra que expresa que unha cousa exponse á continencia de que suceda un mal ou un ben, de todo o cal infírese que é principio xeral na contratación administrativa, que o contratista, ó contratar coa Administración, asume o risco derivado das continxencias que se definen na Lei de Contratos, e baséase na consideración de que a obriga do contratista é unha obriga de resultados, contraposta á configuración da obriga de actividade ou medial (por todas sentenza do TS de 14 de maio de 2001, RJ 20014478).

O principio de risco e ventura, con relación a concesión de servizos, está recollido no artigo 66 da LCE segundo o cal *"La contratación de la gestión de los servicios públicos adoptará cualquiera de las siguientes modalidades: a) Concesión, por la que el empresario gestionará el servicio a su riesgo y ventura"*. Este principio non ten máis excepcións que as que eventualmente estivesen previstas no propio prego ó amparo da liberdade de pactos que establece o artigo 3 da citada lei. Este principio é consecuente coa configuración da obriga do contratista como unha obriga de resultado e as únicas excepcións a súa aplicación previstas na nosa lexislación son: os supostos de forza maior recollidos no artigo 46 da LCE (aplicable por remisión do artigo 67 LCE) e a ruptura do equilibrio económico do contrato nos contratos de concesión de obra pública ou xestión de servizos. Non esquezamos que tanto a lexislación contractual, como o regulamento de servizos das corporacións locais, establecen a obriga da administración contratante de manter o equilibrio económico das concesións. Así, establece o artigo 127.2 do RSCL que:

"2. La Corporación concedente deberá:

2.º Mantener el equilibrio financiero de la concesión, para lo cual:

b) revisará las tarifas y subvención cuando, aun sin mediar modificaciones en el servicio, circunstancias sobrevenidas e imprevisibles determinaren, en cualquier sentido, la ruptura de la economía de la concesión."

E esta mesma norma no artigo 128.3.2º recoñece entre os dereitos do concesionario “2.º *Obtener compensación económica que mantenga el equilibrio financiero de la concesión en los casos en que concurra cualquiera de las circunstancias que se refieren los números 2.º, 3.º y 4.º del párrafo 2 del artículo anterior*”.

O PCAP que rexe o presente contrato establece na cláusula 15.1, entre as obrigas do concello “*Mante-lo equilibrio económico da concesión na forma prevista no prego*”.

A regra do equilibrio financeiro do contrato de concesión fundaméntase na esixencia dunha remuneración suficiente do concesionario, o que habilita o reaxuste das contraprestacións cando circunstancias sobrevindas e imprevisibles incidan na economía da concesión. Esta obriga deriva da consideración do concesionario de un coadxuvante á consecución do interese público subxacente na concesión, cal é a prestación do servizo público obxecto da mesma. Razón pola que nestes contratos que ademais implican prestacións directas a favor dos cidadáns rexe o principio de continuidade na prestación do servizo. Establece neste senso o artigo 128.1 do RSCL a obriga do concesionario de seguir prestando o servizo incluso no caso de que “*circunstancias sobrevenidas e imprevisibles ocasionaren una subversión en la economía de la concesión*”. E non podemos esquecer que o transporte colectivo urbano de viaxeiros é unha competencia obrigatoria nos municipios de poboación superior a 50.000 habitantes (artigo 26 LBRL e 81 LALGA), como é o caso de Vigo.

Á vista do exposto no fundamento xurídico anterior, é preciso analizar se a crise xerada polo COVID-19 crebou o equilibrio económico desta concesión e, en caso afirmativo, procedería reequilibrar a concesión por canto é necesario manter a mesma por tratarse dun servizo obrigatorio. A estes efectos estase tramitando un expediente de reequilibrio da concesión.

-IV-

Da compensación por redución de ingresos no servizo de transporte público prevista no RD 407/2021

O Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a favor das entidades locais que prestan o servizo de transporte público, ten por obxecto, tal e como manifesta o seu artigo 1 “*regular la concesión de subvenciones directas a las entidades locales que se relacionan en su anexo en concepto de ayuda extraordinaria a la prestación del servicio de transporte público de titularidad de las entidades locales, y que han experimentado una reducción de ingresos como consecuencia de la crisis de la COVID-19, durante el año 2020*”. Financiaranse con cargo ao estado de gastos dos Orzamentos xenerais do Estado del año 2021 (artigo 6.1).

Os beneficiarios desta prestación son “*las entidades locales que se relacionan en el anexo de este real decreto, por concurrir la prestación habitual del servicio regular de transporte público urbano o interurbano, con independencia de la modalidad de gestión del mismo, y que han remitido información sobre dicha prestación, comprobada por la Secretaría General de Financiación Autonómica y Local, del Ministerio de Hacienda, con arreglo a la Resolución de 9 de marzo de 2021, de la Secretaría de Estado de Hacienda, por la que se dictan instrucciones relativas al suministro de información por las entidades locales en relación con la*



Concello de Vigo

prestación del servicio de transporte público” (artigo 2 do RD 407/2021). Vigo atopase entre as entidades locais beneficiarias da mesma.

Estas subvencións responden a unha situación excepcional, como é a crise xerada polo COVID-19, e se conceden as entidades locais que prestan o servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros co fin de paliar as perdas económicas sufridas polo sector.

Tratase dunha concesión directa outorgada ó amparo do artigo 22 da lei de subvencións. A concesión efectúase por resolución da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Hacienda (artigo 4 RD 407/2021). Esta resolución aprobouse en data 23 de xuño de 2021.

A contía da subvención está regulada no artigo 3. Consonante ó apartado 1 do mesmo *“se establece en proporción a los ingresos obtenidos por aplicación de las tarifas o precios públicos en el año 2019 que se considera período de referencia a estos efectos, aplicándose los criterios específicos que se recogen en los siguientes apartados. En aquellos ingresos no se incluyen el impuesto sobre el valor añadido ni otros impuestos indirectos ni el importe de las subvenciones”*. E fixa nos apartados 2 e 3 como se realiza a asignación concreta de financiación. A Vigo lle resulta aplicable o apartado 2 *“se determina en función de los ingresos por tarifa o por precio público correspondientes a esos servicios para el año 2019, siendo la subvención equivalente al 40 por ciento de dichos ingresos”*. O Anexo deste RD determina as entidades beneficiarias de esta subvención e o importe da mesma, conforme a información subministrada por cada entidade. Así, no caso de Vigo, determina que dado que os ingresos por tarifas cobradas aos usuarios do servizo no ano 2019 foi de 14.242.710,49, o 40% dese importe é 5.697.084,20, que é a contía da subvención concedida.

Esta subvención so poderá aplicarse para compensar ao contratista ou concesionario do transporte urbano polas perdas de ingresos por mor da pandemia. Efectivamente, consonante ao artigo 6.2 in fine *“Los importes que perciban las entidades locales que hayan prestado el servicio de transporte público en 2020 en régimen de gestión indirecta deberán emplearse necesariamente para compensar al contratista o a la entidad concesionaria del servicio por el impacto ocasionado por la reducción de ingresos”*.

Á vista desta regulación, o servizo xestor propón que para garantir a continuidade do servizo, en perigo polas perdas que está soportando a empresa concesionaria, se lle aboe o importe da subvención á mesma. Sen prexuízo que cando se adopte o acordo de reequilibrio se deduza, no seu caso, se este impuxese o pago de compensacións ao contratista, as cantidades xa percibidas. Acreditan para xustificar esta solicitude o impacto económico orixinado polo COVID-19 consignando a diferenza dos ingresos do ano 2020 con relación ao ano 2019:

“Os ingresos vinculados coa tarifa (ingresos directos da concesionaria do cobro da tarifa única de aplicación a concesión (1,2273 € S/IVE)

De acordo cos datos que constan na documentación de seguimento do contrato os cálculos dos ingresos de tarifa son os seguintes:

- Ano 2019: 14.242.710,49 €
- Ano 2020: 7.662.379,90 €”

Datos extraídos das contas da empresa auditadas e que coinciden cos datos enviados pola Intervención Xeral ao Ministerio de Hacienda.

Xustifica así mesmo a urxencia do expediente na *“existencia de risco para facer fronte aos pagos da actividade diaria da concesión como consecuencia da incidencia da Pandemia COVID19 no sector do transporte urbano, ven a determinar a xuízo deste servizo, a urxencia na tramitación da proposta de compensación económica das perdas de ingresos, e sobre todo a vista do contido do RD 407/2021, o cal na súa fundamentación xustifica claramente “dado su carácter singular, por concurrir razones de interés público, social y económico, al garantizar la prestación de un servicio público esencial”, co cal considerase suficientemente acreditada a condición de urxencia indicada no artigo 33 da Lei 39/2015”*.

É preciso ter en conta, ademais, que se a concesionaria tivese sido compensada previamente pola redución de ingresos, deberá descontarse o importe desta compensación da que lle correspondería consonte ao citado RD 407/2021 (artigo 6.2 do RD 407/2021). Así, tendo en conta que por acordo da XGL de 18 de decembro de 2020, reequilibrouse a concesión que nos ocupa, modificando o seu réxime económico, establecendo unha compensación económica única a VITRASA de 2.194.963,56 euros pola suspensión parcial do contrato dende o 16 de marzo o 14 de xuño de 2020. Procede pois, descontar dos 5.697.084,20 euros de subvención que lle corresponden ao Concello de Vigo para aboar á empresa concesionaria, os que xa lle abonou por este mesmo concepto de redución de ingresos no ano 2020.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 4 da disposición adicional segunda do LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

ACORDO

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- En cumprimento do disposto no artigo 6.2 do Real Decreto 407/2021, de 8 de xuño, empregar a subvención concedida en data 23 de xuño de 2021 para compensar a Vigués de Transportes, S.L. (VITRASA), compensar polo impacto ocasionado pola redución de ingresos do servizo de transporte urbano colectivo de viaxeiros por mor da pandemia do COVID-2019, por un importe de 3.502.120,64 euros.

2º.- Este importe aboarase en efectivo e se imputará a aplicación presupostaria 44122269900 (Reequilibrio Tuc) e a súa bolsa de vinculación.

3º.- Todo ilo sen prexuízo de que se procedese no futuro o reequilibrio da concesión e resultase a obriga de compensar economicamente á concesionaria, deducirase o importe xa abonado por mor da perda de ingresos derivados da pandemia do COVID-2019 e da suspensión do servizo”.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O SEGUNTO TTE. DE ALCALDE
Francisco Javier Pardo Espiñeira.